Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Xente con rabo en Porcarizas

Porcarizas está en Lobeira (Ourense), e dise que alí vivía antigamente unha casta de xente con rabo que os veciños odiaban por seren ruíns e faceren moito mal.

Un día xuntáronse todos os veciños e foron contra deles, puxéronlle lume ás casas e acabaron con todos agás dous que conseguiron fuxir.

Destes dous viven netos e bisnetos, e pódese saber quen son porque se se lles amosa un dedo, movéndoo cara arriba e cara abaixo, enrabéchanse porque lles lembra o rabo que tiñan os seus devanceiros.

Tamén se di que os veciños de Porcarizas eran leprosos, apestados e ata entarangañados.

Véxase o documento □Levar os vellos a Porcarizas□.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Algunas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboreiro», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.